

Liga 4ª División.- Proposta de organización do Club de Xadrez Laroca

A nosa proposta consiste en dividir a Liga en dúas fases, sendo a primeira delas eliminatoria e máis flexible en canto á aplicación da normativa xadrecística, porque xogarán nenos dun nivel de iniciación moi básico.

En base a experiencias anteriores, se prevé a participación de entre 16 e 24 equipos en total, o que supón que debemos contar coa participación de cerca de 100 nenas/os.

Nesta primeira fase, en función do número total de equipos, se establecerán 4 grupos diferenciados, pasando á seguinte rolda os dous primeiros clasificados de cada grupo.

Importante: a formación de grupos se fará de forma aleatoria pola Federación Galega de Xadrez, pero se pedirá ós representantes de cada club que diferencien os equipos que estimen que teñen millor nivel, para establecer cabezas de serie, evitando así grandes desequilibrios entre os grupos.

Consideracións xerais:

Se premiará con trofeo a todos os equipos clasificados na fase final, e tamén se entregará algún agasallo de recordo a tódolos participantes, segundo as posibilidades. Para elo, se pide unha colaboración de 10,00 euros por cada equipo participante, que deberán ser aboados nos domingos, 25 de Febreiro e 04 de Marzo, para así poder facer previsión do gasto posible. Se entregará informe a cada club dos cartos totais recadados e da súa aplicación.

É imprescindible que todas as partidas comencen exactamente á hora prevista (16:00 da tarde). Non se agardará por equipos que cheguen tarde, xa que isto supón un atranco para o normal desenvolvemento do torneo e causa impaciencia nos nenos/as e nos seus acompañantes. Os reloxos se porán en marcha ó inicio da rolda, e se dará unha partida por perda cando se esgote o tempo no reloxo dun xogador/a.

Bases da Liga Galega de 4ª División Pontevedra Sur 2018

Datas para a celebración do evento: domingos, 25 de Febreiro, 04 e 11 de Marzo.

Horario previsto: de 16:00 a 20:00, ambos días.

Lugar de xogo: [IES Auga da Laxe – Gondomar](#)

Sistema de competición:

Round-robin (liga) para cada grupo que se forme. O resultado de cada encontro será a suma de puntos acadados por todos os taboleiros de cada equipo, e a clasificación final en cada grupo virá dada pola suma dos puntos acadados en todos os encontros disputados.

Sistemas de desempate, seguindo o artigo 4.1 do RXC:

1º) Sonnenborg Berger por equipos: suma dos puntos obtidos contra cada rival, multiplicado polos puntos totais do mesmo.

2º) Resultado particular entre os equipos empatados.

3º) Sistema holandés por equipos ata as últimas consecuencias.

4º) Cor do primeiro taboleiro.

1ª Fase: domingos, 25 de Febreiro e 04 de Marzo, regras particulares:

1.- O ritmo de xogo previsto é 10'+5" fischer (pode variar en función do nº de roldas). Dado o nivel de iniciación, e cun afán educativo, o árbitro ou asistentes poderán recordar ós máis cativos que deben pulsar o seu reloxo, cando observan que se despitan.

2.- Non se aplicarán xogadas ilegais (o criterio será o educativo, promoción do xadrez). Non obstante, o árbitro poderá dar unha partida perdida por ilegais dun xogador/a, se aprecia intencionalidade na acción reiterada.

3.- Non se penalizarán incomparecencias.

Clasificarán para a 2ª fase os 2 primeiros equipos de cada grupo.

2º Fase: domingo, 11 de marzo, regras particulares:

1.- O ritmo de xogo será 10' + 5" fischer.

2.- Se aplicarán xogadas ilegais (a 1ª ilegal será anotada; a 2ª ilegal perde a partida).

3.- Cada incomparecencia (ou formación irregular de taboleiros) será penalizada: -1 punto.

4.- O criterio para os desempates será o mesmo que para a fase anterior.